

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES CULTURAIS ENTRE O AUDITORIO DE GALICIA E A AGADIC

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar co Auditorio de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre a Agadic e o Auditorio de Galicia para a realización de diferentes actividades culturais e proxectos escénicos que revertan en beneficio da cidadanía compostelá e da sociedade en xeral. A inclusión de actividades culturais ou proxectos escénicos no ámbito de aplicación deste convenio realizarase mediante acordo da Comisión de Seguimento regulada na cláusula 5º do citado Convenio.

A continuación enuméranse, de xeito non taxativo, algunhas das actividades que se desenvolverán no eido deste convenio e que deberán ser comunicadas previamente pola entidade promotora/cesionaria á entidade cedente, de acordo co establecido nestas cláusulas:

- Representación do espectáculo no Teatro Principal Manuela Rey is in da house
- CINEUROPA
- MICE
- GaliciaEscenaPRO

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

1 – Que a o Auditorio de Galicia, é un organismo autónomo local dependente do Concello de Santiago de Compostela. Este organismo ten a encomenda estatutaria da realización das actividades culturais da Concellaría de Capital Cultural efectuada no Pleno da corporación o 15 de abril de 2004, publicada no BOP 222 de 24 de setembro de 2004.

A marca Compostela Cultura está xestionada polo Auditorio de Galicia e funciona como elemento aglutinador e ferramenta de difusión das actividades culturais que organiza a institución municipal e que se celebran, ademais de no Auditorio, no Teatro Principal, na Zona C Punto de Información Cultural (este espazo acolle ademais o principal punto de venda de entradas de Compostela Cultura) e noutros espazos da cidade.



2 – Que A Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da Axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas. Estes espectáculos son exhibidos en diversas salas xestionadas pola Agadic, así como en calquera outro espazo e/ou recinto escénico co que se estableza o oportuno acordo de exhibición.

3 – Que o Auditorio de Galicia e a Agadic, a través do CDG, veñen colaborando nos últimos anos en actividades culturais nos diferentes espazos da súa titularidade e de xestión, así como en programas específicos, como Cineuropa, GaliciaEscenaPRO, Curtocircuíto, a programación de artes escénicas ou o Premio Manuel María ou a celebración puntual de efemérides e celebracións de carácter cultural, colaboracións que desexan continuar, na procura de obxectivos sociais e culturais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

